

PREGUNTA DE AER RELATIVAS A RETIRADA DA EXPOSICIÓN “CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO” (Rex. Entrada 25.10.2017, 2017-E-RC-15584).

PLENO 26 OUTUBRO DE 2017. ACTA 012/2017

No pasado mes de abril do presente ano, o Colectivo Republicano de Redondela, solicitou o uso dun espazo no Multiusos da Xunqueira, para a súa exposición “A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO”, que incluía fotografías da histórica mobilización obreira, da extinguida fábrica téxtil de Regojo. A exposición, por motivos de axenda, inaugurouse o pasado mércores, 27 de setembro do 2017. Tras a visita de dous membros do sindicato policial UFP de Pontevedra, este contactou co Concello de Redondela, e alegou que esta exposición fomentaba o odio contra a policía nacional e relacionouna cos acontecementos pro-referendum en Catalunya. O Goberno Local, cuxo responsable máximo é o alcalde de Redondela, decidiu unilateralmente, dar por correcta a valoración do sindicato policial, sen consultar á parte promotora, violando o artigo 20 da Constitución Española que el mesmo xurou ao acceder ao ser cargo. O Colectivo Republicano de Redondela, considera vulnerados varios dos seus dereitos, sendo o máis grave o ataque a liberdade de expresión e pensamento.

Sendo aclarados os feitos e reclamada a reposición da exposición “A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO” por rexistro (registro de entrada 2017-E-RC-14.934), o pasado 11 de outubro do 2017, polo Colectivo Republicano, reclamase ao Sr. Alcalde de Redondela, unha explicación argumentada na legalidade vixente e plantexáronse as seguintes preguntas.

PREGUNTAS

A exposición “A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO”, foi retirada polas queixas do sindicato policial denominado UFP (sindicato que é o mesmo que nun Twitter, compartiu unha imaxe de policías nacionais armados con metralletas “en prenvengan”, con pasamontañas, e co hastag #HABLAMOS..., dirixido ao Sr. Puigdemont elixido en urnas polo Pobo Catalán) en redes sociais, por “incitar ao odio”, e aledamente respostada pola Sr. Concelleira Carmen Amoedo por esa mesma canle?

Si a un sindicato policial se lle fai caso a un post dende unha concelleira, e prevalece a súa opinión á do resto do pobo (porque Vdes. son pobo ou polo menos elixidos para dar voz ao pobo) xa podemos dicir que en Redondela se goberna baixo un Estado Policial?

E por último, vai ordear ao Sr. Alcalde a reposición inmediata, da exposición “A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO”, do Colectivo Republicano de Redondela, no Multiusos da Xunqueira, polo prazo de un mes?

A sra. París di que en Redondela se respecta a tolerancia e a liberdade. Xamais na miña persoa se fixo cousa semellante de pedir carnés; non imos repoñer a exposición nos termos nos que está. Si se retirou non se vai repoñer. Xa lle expliquei por teléfono cal foi a razón, respectamos todas as persoas, todas as iniciativas. No momento en que detectamos reaccións por diferentes persoas: taxistas, veciños... tomamos a decisión de perserverar nunha boa convivencia en Redondela. Temos diariamente que traballar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, temos que facer un recoñecemento público do traballo que fan con nós. Son servidores públicos. Algún dos membros do colectivo me recoñeceu que esa exposición xa tivera problemas nalgunha outra sala.